

de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Baralla, 30 de xullo de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2127

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACION DO CADRO DE PERSOAL E DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE 1204/2025

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 30 de xullo de 2026 aprobouse inicialmente a modificación do Cadro de persoal e do Anexo de Persoal do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2026. Ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán á Alcaldía-Presidencia desta Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do cadro de persoal e o anexo de persoal do orzamento xeral para o ano 2026.

Guitiriz, 31 de xullo de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2128

LUGO

Anuncio

Expediente 2026/V010/000155

DECRETO

ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Obras.

No depósito municipal sito na Rúa dos Carros, Parcela E 4.I, no Polígono Industrial do Ceao, figuran depositados os vehículos que foron retirados da vía pública por atoparse en estado de abandono.

Tendo en conta o disposto no artigo 2 da Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas de desenvolvemento do Goberno Local, en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor a seguridade viaria e en materia de augas, eo artigo 106 do Real Decreto Lexislativo 6/205 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

No uso das atribucións conferidas ó Alcalde no artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo a redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Modernización a Administración Local e normativa específica de aplicación, e por delegación conferida polo Decreto Número 4003/2026 no Tenente de Alcaldesa Delegado de Área de Mobilidade e Obras,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Requerir ós propietarios dos vehículos que se relacionan a través da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que no prazo de QUINCE DÍAS retiren os mesmos do depósito municipal sito en Rúa dos Carros, Parcela E 4.I do Polígono Industrial do Ceao, previo aboamento dos gastos a que houbera lugar:

MATRÍCULA	MARCA Y MODELO
7417-DHM	RENAULT SCENIC
M-4250-WU	VW GOLF
M-6974-PV	AUDI 80
6716-DPK	FIAT STILO
0071-BGG	SEAT CÓRDOBA
C-7182-BT	AUDI A4